Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

ANUNCIO DE NOMEAMENTO DE ALCALDE EN FUNCIÓNS

En cumprimento do establecido no artigo 44 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, faise público o seguinte Decreto do señor Alcalde número 879/2024, do 17 de setembro, polo que se nomea Alcalde en funcións:

<<Con motivo da miña ausencia do termo municipal dende o día 21 de xaneiro de 2025 ao día 24 de xaneiro de 2025, faise necesario nomear Alcalde en funcións para ese período, e

Considerando as funcións que o artigo 47 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, atribúe aos Tenentes de Alcalde,

RESOLVO:

Primeiro. Nomear Alcalde en funcións ao terceiro Tenente de Alcalde, don José Luis Mariño Castro, dende o día 21 de xaneiro de 2025 ao día 24 de xaneiro de 2025, ambos incluídos.

Segundo. Ordenar a publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, comunicalo aos diferentes servizos municipais e dar conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria que se convoque.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que ditou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.»

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca

CVD: LPVgni7zQCnLHWSDHYO1 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.padron.gal/